



# CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

## ACTA 2024-11

PRIMEIRA CONVOCATORIA

XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA

12 de Xuño de 2024

Lugar

SALA DE COMISIÓN DO CONCELLO

Hora de Inicio

11:02

Hora de Finalización

11:16

Presidente: VICENTE GÓMEZ GARCÍA  
Secretario: SANTIAGO DE LORENZO TABOADA  
Interventor: .

### MEMBROS ASISTENTES

LUCIA GIL CID  
MARIA DEL MAR VALLE ALVAREZ

### MEMBROS AUSENTES

JOSE RAMON LOPEZ PEREZ

Pola Presidencia declarase aberta a sesión e, en relación cos asuntos previstos na orde do día da mesma, adoptáronse os seguintes

## ACORDOS :

### 1º. APROBACION, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESION DO 06.06.2024 (ACTA 2024/10)

A acta apróbbase por unanimidade.

### 2º. PROXECTO DA OBRA CHAMADA "ABASTECIMENTO, SANEAMENTO E PAVIMENTACION DO ENTRONQUE DA RUA CANCELIÑA COA OU-113 EN NOCEDO DO VAL, ACORDOS QUE PROCEDAN.

A seguir dase conta aos presentes do proxecto técnico da obra chamada "**Abastecemento, saneamento e pavimentación do entronque da rúa Canceliña coa OU-113, en Nocedo do Val**", de data **xuño de 2024**, que redactou a arquitecta **Cristina Sabariz Rúa**, colexiada núm. 2963 do COAG e que conta cun orzamento base de licitación de **38.987,18 euros**; e cun prazo de execución de **3 meses**.

Tralo que a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus presentes, **ACORDA**:

**PRIMEIRO.** Aprobar o proxecto técnico que se dixo, da obra chamada **Abastecemento, saneamento e pavimentación do entronque da rúa Canceliña coa OU-113, en Nocedo do Val**", de data **xuño de 2024**, que redactou o arquitecta **Cristina Sabariz Rúa**, colexiada núm. 2963 do COAG, e que conta cun orzamento base de licitación de **38.987,18 euros**; e cun prazo de execución de **3 meses**, nos termos nos que se atopa redactado.





## CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

**SEGUNDO.** Nomear director facultativo da obra á redactora do devandito proxecto técnico; a arquitecto **Cristina Sabariz Rúa**, colexiada núm. 2963 do COAG; e coordinador de seguridade e saúde das mesmas a **Cristina Sabariz Rúa**

**TERCEIRO.** Facer constar expresamente que a obra non incorre en alteración, ou fraccionamento do obxecto do contrato co fin de eludir as normas xerais de contratación e que constitúe unha obra completa susceptible de ser entregada ao uso xeral ou ao servizo correspondente e, en todo caso, constitúe unha obra susceptible de aproveitamento independente no sentido do uso xeral.

**CUARTO.** Facer constar expresamente que a actuación prevista é conforme coa normativa urbanística e sectorial de aplicación e que o concello dispón ou disporá de tódalas autorizacións necesarias para a súa execución.

**QUINTO.** Expoñer ao público o proxecto a efectos de reclamacións por posibles interesados.

E ó non ser outro o obxecto deste acto, remata a sesión estendéndose esta acta, que o Sr. Presidente asina conmigo, o secretario, que dou fe.

O Presidente

O Secretario

